XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano
15781 Santiago de Compostela
981 54 6558
www.edu.xunta.gal

galicia

Resolución de 3 de outubro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve a convocatoria do proxecto BIBLIOTECA CREATIVA, para apoiar a cultura da experimentación e investigación, dos robots e da linguaxe de programación nas bibliotecas escolares dos centros públicos que matriculan alumnado de educación infantil e primaria, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2019/2020. Esta iniciativa encádrase no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe) da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o período 2016-2020.

Con data 3 de setembro de 2019 a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública, a través do Portal Educativo, a convocatoria do Proxecto Biblioteca Creativa, dirixida a apoiar a introdución, dentro da biblioteca escolar, dun espazo de experimentación e creación que aporte ao alumnado os recursos e materiais axeitados, estimular a iniciación do alumnado de infantil e primaria no campo da robótica e na linguaxe de programación a través de actividades manipulativas e outras, programadas desde a biblioteca escolar, mediante a utilización de pequenos robots, os Escornabots, deseñados dentro dun proxecto de Hardware Libre, cunha evolución aberta á comunidade. Buscábase, así mesmo, ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado.

A convocatoria ía dirixida aos centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2019/2020, que matriculan alumnado de ensino infantil e primario. Contemplaba a incorporación de 25 novos centros a este proxecto así como a continuidade dos centros que xa puxeron en marcha este programa nos tres cursos pasados, previa solicitude e valoración positiva da memoria de actividades correspondente.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes polos centros interesados, con data 19 de setembro reuniuse a comisión de valoración prevista no apartado 4 da convocatoria e elaborou unha proposta de selección de centros, tras analizar que todas as solicitudes compren os requisitos esixidos e segundo os criterios previstos:

- Centros integrados na fase anterior do proxecto:
  Valoración acadada pola memoria de desenvolvemento do proxecto "Biblioteca creativa", no curso 2018/2019, e dos recursos elaborados.
- Centros de nova incorporación:
  1. Valoración acadada pola memoria PLAMBE do pasado curso 2018/2019 (ou polo proxecto presentado, no caso dos centros de nova incorporación na última convocatoria deste programa); terán prioridade aqueles centros que presentan unha actividade media-alta.
  2. Localización: procurarase unha distribución axeitada polo territorio galego e reservarase un mínimo dun terzo das prazas dispoñibles para centros situados en concellos de ámbito rural.

De acordo coa proposta formulada por esta comisión de valoración e de conformidade cos apartados 1, 3 e 4 do texto da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar de entre as solicitudes de incorporación presentadas que se axustan aos requisitos da convocatoria e tendo en conta os criterios previstos, un total de **25** centros para a súa participación no proxecto Biblioteca Creativa para o curso 2019/2020. A relación aparece recollida no anexo I desta resolución coa especificación de "nova incorporación". As actividades derivadas da participación nesta iniciativa deberán integrarse na dinámica da biblioteca escolar do centro. Recibirán os materiais necesarios para a posta en marcha desta iniciativa, que pasarán a formar parte do equipamento da biblioteca.

Segundo.- Admitir a continuidade de todos os centros integrados no Proxecto Escornabots na biblioteca escolar, nas anteriores convocatorias, que presentaron a correspondente solicitude, á vista das memorias presentadas, e que aparecen reflectidos no anexo II. Recibirán as asignacións correspondentes, con destino a que se detalla no devandito anexo segundo a antigüidade no programa, tal e como se recolle no apartado 1 punto 4 da convocatoria deste programa.

Terceiro.- A persoa designada por estes centros para participar na actividade formativa prevista na convocatoria de 3 de setembro de 2019 (responsable ou integrante do equipo de biblioteca), será convocada á unha xornada presencial que terá lugar, previsiblemente, o día 25 de outubro na EGAP, en Santiago de Compostela, en horario de mañá e tarde, e que dará dereito a unha certificación de 8 horas de formación, por parte do Servizo de Formación do Profesorado. Recibirá formación inicial necesaria, así como as pautas para o desenvolvemento do proxecto no contexto da biblioteca escolar. A ausencia non xustificada a esta actividade exclúe da participación no proxecto.

Cuarto.- Con data límite do 30 de xuño de 2020 os centros participantes deberán contribuír coas súas valoracións (nun impreso que se facilitará) á elaboración dun informe final deste proxecto piloto, que se difundirá a través dos espazos web desta consellería. Así mesmo, cada centro presentará unha breve memoria de actividades levadas a cabo durante o transcurso do proxecto (máximo dúas páxinas con apoio fotográfico como anexo). Esta documentación (en formato PDF) deberá dirixirse ao seguinte enderezo: http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=bibliotecacreativa1920/memoria

Quinto.- Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional conservando a autoría dos seus creadores, para pasar a enriquecer a experiencia do colectivo implicado no Proxecto Escornabot e de todos os participantes neste programa de Biblioteca Creativa, sendo publicados cunha Licenza Creative Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional (http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/). Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do programa Biblioteca Creativa nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coa utilización do logo do programa que lles será remitido desde esta dirección xeral.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS - CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

José Manuel Pinal Rodríguez

Edificios Administrativos, San Caetano
15781 Santiago de Compostela
981 54 6558
www.edu.xunta.gal

ANEXO I- BIBLIOTECA CREATIVA 2019/2020 – CENTROS DE NOVA INCORPORACIÓN *			
Código	**Centro**	**Concello**	**Provincia**
15021627	CEIP Emilia Pardo Bazán	A Coruña	A Coruña
15032426	CEIP Plurilingüe Graxal	Cambre	A Coruña
15003534	CEIP da Barqueira	Cerdido	A Coruña
15021809	CEIP Sofía Casanova	Culleredo	A Coruña
15024227	CEIP de Pazos	Ferrol	A Coruña
15009241	CPI Plurilingüe Virxe da Cela	Monfero	A Coruña
15032911	CEIP Juana de Vega	Oleiros	A Coruña
15027551	CRA de Rianxo	Rianxo	A Coruña
15022589	CEIP Lamas de Abade	Santiago de Compostela	A Coruña
15019086	CEIP Labarta Pose	Zas	A Coruña
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	Lugo
27004428	CEIP de Foz nº 1	Foz	Lugo
27016674	CEP Luís Tobío	Viveiro	Lugo
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense	Ourense
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	Pontevedra
36017715	CEIP Plurilingüe Antonio Palacios	O Porriño	Pontevedra
36017685	CEIP Plurilingüe da Ribeira	O Porriño	Pontevedra
36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	O Rosal	Pontevedra
36024173	CRA María Zambrano	O Rosal	Pontevedra
36010460	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Vigo	Pontevedra
36017697	CEIP Escultor Acuña	Vigo	Pontevedra
36010101	CEIP O Sello	Vigo	Pontevedra
36016051	CEIP Seis do Nadal	Vigo	Pontevedra
36010009	CEIP Virxe do Rocío	Vigo	Pontevedra
36012377	CEIP de Cerdeiriñas	Vila de Cruces	Pontevedra

** Estes centros recibirán directamente os materiais para o desenvolvemento do proxecto.*

ANEXO II- BIBLIOTECA CREATIVA 2019/2020 - CENTROS DE CONTINUIDADE- Asignacións						
Codigo	**Nome**	**Concello**	**Provincia**	***Medios para robótica e impresión 3D***	***Materiais espazo creativo***	**Obradoiros**
15000016	CEIP Plurilingüe San Marcos	Abegondo	A Coruña	1.120		
15020933	EEI de Barrionovo	Arteixo	A Coruña			500
15001070	CPI de Cruz do Sar	Bergondo	A Coruña	1.120		
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña		1.142	
15002670	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña			500
15032480	CRA de Culleredo	Culleredo	A Coruña	1.120		
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	A Coruña	1.120		
15026765	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	A Coruña			500
15008714	CPI Plurilingüe da Picota	Mazaricos	A Coruña		1.142	
15009071	CPI Castro Baxoi	Miño	A Coruña			500
15009081	CEIP de San Ramón	Moeche	A Coruña	1.120		
15009391	CEIP Santiago Apóstolo	Mugardos	A Coruña	1.120		
15014180	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo	A Coruña			500
15023430	CEP Xosé María Brea Segade	Rianxo	A Coruña			500
15014957	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño	A Coruña	1.120		
15026777	CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña	Santa Comba	A Coruña			500

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano
15781 Santiago de Compostela
981 54 6558
www.edu.xunta.gal

galicia

Codigo	Nome	Concello	Provincia	*Medios para robótica e impresión 3D*	*Materiais espazo creativo*	Obradoiros
15020921	CEIP de Présaras	Vilasantar	A Coruña		1.142	
15026789	CEIP Baíñas	Vimianzo	A Coruña	1.120		
27010155	CEIP da Pobra de Brollón	A Pobra do Brollón	Lugo	1.120		
27010325	CEIP Plurilingüe da Pontenova	A Pontenova	Lugo		1.142	
27001609	CEIP Ramón Falcón	Castro de Rei	Lugo	1.120		
27002249	CPI Plurilingüe de Castroverde	Castroverde	Lugo		1.142	
27015301	CEIP de Cervo	Cervo	Lugo			500
27012826	CEIP Santa María do Valadouro	O Valadouro	Lugo		1.142	
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	Lugo	1.120		
27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carme	Sober	Lugo			500
32010601	CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso	A Pobra de Trives	Ourense	1.120		
32000708	CEIP Virxe de Guadalupe	Avión	Ourense		1.142	
32003771	CEIP Plurilingüe Curros Enríquez	Celanova	Ourense	1.120		
32015116	CEIP Plurilingüe Condesa de Fenosa	O Barco de Valdeorras	Ourense		1.142	
32002951	CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo	O Carballiño	Ourense		1.142	
32016029	CEIP Plurilingüe Ben-Cho-Shey	O Pereiro de Aguiar	Ourense	1.120		
32014151	CEIP Plurilingüe de Vilar de Barrio	Vilar de Barrio	Ourense		1.142	
32004829	CEIP Rosalía de Castro	Xinzo de Limia	Ourense	1.120		
36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	Pontevedra			500
36002773	CEIP do Foxo	A Estrada	Pontevedra			500
36018653	CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo	A Guarda	Pontevedra	1.120		
36014611	CEIP A Lama	A Lama	Pontevedra			500
36000375	CEIP Plurilingüe da Torre-Cela	Bueu	Pontevedra	1.120		
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	Pontevedra	1.120		500
36001550	CEIP Plurilingüe de Carballedo	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra			500
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	Pontevedra			500
36004681	CEIP de Seixo	Marín	Pontevedra	1.120		
36015871	CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas	Meaño	Pontevedra		1.142	
36016607	CEIP de Quintela	Moaña	Pontevedra	1.120		
36013552	CEIP de Seara	Moaña	Pontevedra	1.120		
36013564	CEIP Pena de Francia	Mos	Pontevedra	1.120		
36003832	CEIP Valle-Inclán	O Grove	Pontevedra	1.120		
36015202	CEIP de Lourido	Poio	Pontevedra		1.142	
36007035	CPI Domingo Fontán	Portas	Pontevedra	1.120		
36014738	CEIP de Leirado	Salvaterra de Miño	Pontevedra		1.142	
36009032	CEIP Ramón de Valenzuela	Silleda	Pontevedra	1.120		
36018471	CEIP de Rebordáns	Tui	Pontevedra			500
36024112	CRA Mestra Clara Torres	Tui	Pontevedra		1.142	